

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 6 DE FEBREIRO DE 2020,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Valga, do treito da estrada PO-190 entre os puntos quilométricos 0+070 e 0+550.

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural o Parque do Pasatempo de Betanzos (A Coruña).

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba requirir ao Consello de Ministros para que adopte as medidas necesarias para compensar á Comunidade Autónoma de Galicia polo desfase financeiro producido na liquidación do IVE correspondente ao exercicio 2017, ao terse en conta unicamente 11 mensualidades de recadación na liquidación.

**INFORMES**

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre a actualización das retribucións dos empregados públicos.
- Informe sobre o avance do peche do exercicio de 2019 e o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Informe sobre venda de solo empresarial a prezos bonificados.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a posta en marcha do Cheque Brexit para as empresas galegas.

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a execución da oferta de emprego público do Servizo Galego de Saúde.
- Informe provisional da campaña de vacinación antigripal 2019/2020.
- Informe sobre os investimentos nos centros de atención primaria en equipamentos sanitarios, electromédico e mobiliario clínico dentro do Plan estratéxico de atención primaria. Ano 2019.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE DUN TREITO DA ESTRADA PO-190 A PROL DO CONCELLO DE VALGA**

- ***A Xunta e o Concello de Valga asinaron un convenio de colaboración para o acondicionamento dun treito de case 500 metros desta vía***
- ***O Goberno galego achega un investimento de 365.000 euros para financiar as obras que executará o Concello, que tamén asumirá a titularidade do treito***
- ***A transferencia será efectiva ao día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia***

O Consello da Xunta aproba o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Valga, do treito da estrada PO-190, entre os puntos quilométricos 0+070 e 0+550.

A Xunta e o Concello de Valga asinaron un convenio de colaboración para o acondicionamento do treito da estrada PO-190, comprendido entre os puntos quilométricos anteriormente descritos.

O Goberno galego financia este proxecto mediante a achega dun investimento de case 365.000 euros.

Os traballos consisten na renovación da rede de augas pluviais na súa totalidade, co fin de solucionar así as carencias que presenta na actualidade. Tamén se renovarán as redes de abastecemento e iluminación e se soterrarán a rede eléctrica e tramos da telefónica.

Ademais levaranse a cabo a reconstrución das beirarrúas a execución de varios muros, tanto de sostemento da estrada como de contención de terras, a rehabilitación do pavimento da calzada e a substitución da sinalización horizontal e vertical.

No marco deste acordo, o Concello de Valga executará os traballos e asumirá a transferencia da titularidade do treito.

Segundo o artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos que estean incluídos no inventario da súa Administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta.

O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

## **A XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL UN DOS MÁXIMOS EXEMPLOS DO ECLECTICISMO EN GALICIA, O PARQUE DO PASATEMPO**

- *Trátase dun xardín con características singulares e único na tradición galega, que dá conta do legado filantrópico de cariz indiano do seu promotor, Juan García Naveira*
- *O ben declarado correspóndese coa parte superior do parque orixinal e identifica como partes integrantes del a estatua da Caridade, a fonte das Catro Estacións e os restos do antigo muro de peche*
- *Como aspecto innovador deste procedemento, o decreto prevé a posible redacción dun proxecto ou plan de conservación para este xardín histórico, que plasme os aspectos xerais das actuacións futuras*

O Consello da Xunta de Galicia vén de dar luz verde ao decreto polo que se declara ben de interese cultural (BIC), como ben inmovible coa categoría xardín histórico, o Parque do Pasatempo de Betanzos, cumprindo así a folla ruta para garantir a súa protección e conservación futura. O elemento principal delimitado é o propio parque, pero inclúe outros compoñentes sobranceiros como son a estatua da Caridade, a fonte das Catro Estacións e os restos do antigo muro de peche que, en conxunto, acreditan o seu valor cultural e singularidade tipolóxica.

Como aspecto innovador deste procedemento, o decreto prevé que se poderá desenvolver un proxecto ou plan de conservación do xardín histórico, que estableza os criterios para a súa futura conservación, mantemento, restauración, interpretación e difusión. A devandita declaración incluírase no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia e comunicárase ao Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural da Administración Xeral do Estado.

Durante a tramitación do expediente procurouse harmonizar un alto grao de consenso social coa salvagarda patrimonial. En concreto, recibíronse un total de 15 alegacións das que 14 delas se estimaron total ou parcialmente, o que supón unha aceptación superior ao 93%. Así mesmo, foron solicitados os preceptivos informes de dous órganos consultivos: a Real Academia de Belas Artes e o Consello da Cultura Galega. Ambas institucións emitiron cadanseu informe en sentido favorable á declaración.

### **Delimitación e contorno de protección**

O ámbito delimitado como ben de interese cultural do Pasatempo correspóndese coa parte superior do parque orixinal, sinalado en vermello no plano que se xunta ao final da nota. Ademais, como xa se dixo, identifícanse como partes integrantes do ben a estatua da Caridade, a fonte das Catro Estacións e os restos do antigo muro de peche.

Os restos ornamentais da casa da Taquilla e do estanque da Gruta, como elementos orixinais pertencentes ao parque, localizados na actualidade nas proximidades do muro do auditorio da parte baixa, serán obxecto de análise para establecer a viabilidade da súa reintegración ou as necesidades de conservación e interpretación noutro ámbito do conxunto.

Por outra banda, establécese un contorno de protección –identificado cunha liña de cor amarelo–, axustado ás condicións de desenvolvemento de todo o ámbito. Neste incorpóranse os predios próximos e sen desenvolver urbanisticamente para garantir o control das actividades e evitar que se produzan afeccións que prexudiquen a interpretación e contemplación do ben. Con todo, non se incorporan os predios que contan cun desenvolvemento urbano rematado, xa que o contorno definido resulta suficiente para establecer medidas de integración.

### **Uso do Pasatempo**

O decreto prevé que o uso de espazo libre e público para o que foi concibido O Pasatempo é o máis axeitado. Non obstante, dada a súa extensión e fragilidade, cómpre tomar en conta a necesidade de controlar o seu acceso, co fin de preservar a súa integridade física e a súa mensaxe cultural.

Neste sentido, os accesos e percorridos poderán ser limitados en función das necesidades de conservación e das axeitadas condicións de seguridade e accesibilidade das persoas. Calquera outro uso deberá ser compatible co mantemento de todos os elementos do parque e adaptarse ás súas características e ás condicións de uso e interpretación deste.

### **Un xardín único na tradición galega**

O emigrante betanceiro Juan María García Naveira comezou a adquirir os terreos do Pasatempo no ano 1883 e iniciou a súa construción 10 anos despois. A maior parte do parque estaba construída no ano 1914. Non obstante, continuouse ampliando e modificando ata o ano 1933, cando morreu o seu promotor, polo que algún autor deduce que o parque é unha obra inacabada, na cal non se remataron as dúas últimas terrazas.

O Pasatempo é un xardín de características singulares, que o fan único na tradición galega. Representa un testemuño cualificado do compromiso filantrópico de Juan María García Naveira, que se enmarca no estilo e actitude ecléctica que caracterizou a arquitectura galega de finais do século XIX e principios do XX.

En conxunto, recolle diversos aspectos da longa tradición da xardinaría europea, pero resulta único e excepcional pola actitude ecléctica desenvolvida polo seu creador e promotor, o antedito Naveira, e por afastarse da tradición local dos pazos galegos e da propia arquitectura indiana. Trátase dunha obra de carácter territorial, que conxuga aspectos naturais e antrópicos e na cal se manifestan diversas formas de expresión artística (xardinaría, arquitectura, escultura, pintura etc.), cunha finalidade multidisciplinar.


### **Valores e singularidade**

Neste sentido, o Parque posúe, ademais de valores históricos e antropolóxicos, un notable interese científico e técnico, ao constituír un dos primeiros exemplos de institucións con vocación divulgativa que podemos atopar en Galicia, onde por primeira vez se amosan certos avances técnicos que van caracterizar o século XX, o que lle valeu a denominación de parque enciclopédico.

Ademais, o espazo conta cuns significativos valores culturais, derivados dun considerable número de manifestacións pictóricas e escultóricas representativas do eclecticismo dos movementos artísticos de finais do século XIX. Un compendio de disciplinas artísticas que acolle tamén mostras dunha arquitectura exótica. Neste sentido, o propio expediente indica que o feito de que numerosos elementos do arque sexan copias máis ou menos literais de obras da arte universal non lles resta valor, “xa que a maioría das veces hai unha reinterpretación dos modelos, con modificacións que lle outorga unha lectura local, ou con cambios de materiais, que lle engaden novos significados e valor artístico”.

A escultura está presente en case todas as súas manifestacións posibles: vulto redondo, relevo etc., achegando pezas únicas, tanto pola súa feitura como polo seu significado, como son as estatuas da Caridade e dos irmáns García Naveira.

### Plano de contexto



## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O REQUIRIMENTO QUE SE PRESENTARÁ ANTE O CONSELLO DE MINISTROS PARA RECLAMAR OS 200 MILLÓNS DO IVE**

- ***O requirimento supón o primeiro paso para iniciar a vía xudicial e é un trámite con carácter previo á interposición dun recurso contencioso-administrativo, no caso de que non haxa resposta ou esta sexa negativa***
- ***Solicítase ao Estado que adopte todas as medidas necesarias para compensar e transferir a Galicia esa débeda***
- ***A negativa a aboar a Galicia a contía correspondente a un mes de liquidación do IVE de 2017 supón un enriquecemento inxusto para o Estado e resulta contrario aos principios de suficiencia, lealdade institucional e equilibrio económico***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o requirimento que se presentará ante o Consello de Ministros para que se adopten as medidas necesarias para compensar a Galicia polo impago dunha mensualidade do IVE correspondente a 2017, unha débeda que ascende a 204,7 millóns de euros.

O requirimento supón o primeiro paso para iniciar a vía xudicial. O Estado terá un prazo dun mes para responder a este requirimento, desde que sexa presentado de forma efectiva. No caso de dar unha resposta negativa ou non responder, a Xunta procederá á interposición dun recurso contencioso-administrativo.

Segundo se refire no requirimento, o Estado si ingresou, recadou e contabilizou o diñeiro correspondente á recadación do IVE do mes de novembro de 2017 que, pola contra, non transferiu ás comunidades autónomas. O resultado desta situación derivou nun enriquecemento inxusto por parte da Administración do Estado que, de xeito correlativo, supuxo un empobrecemento das comunidades autónomas, ás que se lles provocaron dous prexuízos: unha afectación negativa sobre o déficit e un aumento do endebedamento.

Esta situación é tamén contraria aos principios de suficiencia, lealdade institucional e equilibrio económico que se consagran no artigo 2 da Lei Orgánica de Financiamento das Comunidade Autónomas.

Tal e como se recolle no requirimento, a Xunta solicitou previamente en diversas ocasións e a través de distintas vías o aboamento desta contía: a través do Consello de Política Fiscal e Financeira -ata en 3 plenos, e que non foi convocado en todo o exercicio 2019, incumprindo o seu propio regulamento-; nunha reunión entre o Presidente da Xunta e a Ministra de Facenda; e a través de distintas cartas pedindo unha solución. Ademais, o Parlamento galego pronunciouse en varias ocasións reclamando a transferencia dos recursos pendentes.

Debido á negativa do Goberno central a solucionar esta situación, a Xunta inicia agora este procedemento para reclamar o diñeiro que lle corresponde.

Cómpre recordar que a Xunta tamén ten solicitado a contía correspondente a aplicación dos incentivos polo cumprimento das regras fiscais, que suporían outros 170 millóns de euros para Galicia.



## **OS EMPREGADOS PÚBLICOS DA XUNTA EXPERIMENTARÁN ESTE ANO UNHA SUBA SALARIAL MEDIA DO 4,5% COMO RESULTADO DA SUBA XERAL E DOS DISTINTOS ACORDOS SECTORIAIS**

- ***A Xunta aplicará xa na nómina de febreiro a suba xeral do 2% con efectos desde o 1 de xaneiro, que supón un aumento salarial medio duns 725 euros anuais por traballador***
- ***Esta suba beneficiará os máis de 87.000 efectivos da Administración galega e tamén o persoal das tres universidades públicas e do ensino concertado***
- ***O incremento xeral do 2% súmase ás subas sectoriais que xa se veñen aplicando desde a nómina de xaneiro, e que supuxeron o aumento dos importes pola carreira profesional do Sergas e da Administración xeral, no ensino público, na xustiza, nos axentes forestais e ambientais e no Consorcio de Servizos Sociais***
- ***A suba salarial do 2% foi incorporada pola Xunta ao Acordo de concertación social asinado en 2019 con UXT e CC.OO., e os incrementos sectoriais foron negociados e pactados coas respectivas organizacións sindicais en cada organismo sectorial***

Os empregados públicos da Administración autonómica experimentarán este ano unha suba salarial media do 4,5% como resultado do incremento salarial xeral do 2%, que se aplicará na vindeira nómina deste mes de febreiro, e das retribucións pactadas nos distintos acordos sindicais. Son preto de 1.745 euros anuais máis de media respecto a 2019.

Segundo recolle un informe da Consellería de Facenda sobre a actualización das retribucións, os empregados públicos da Xunta de Galicia comezarán a percibir a suba salarial do 2% na primeira nómina na que é posible aplicar esta medida. Este incremento terá efectos desde o 1 de xaneiro, supoñerá un aumento medio dun 725 euros por traballador e beneficiará os máis de 87.000 empregados públicos da Administración galega, e tamén o persoal das tres universidades públicas e do ensino concertado

A Xunta aplica esta suba salarial xeral na nómina de febreiro –a primeira na que é posible facelo- porque para efectuar este incremento retributivo é preciso a habilitación legal da Administración Xeral do Estado, que o Goberno central aprobou o pasado 21 de xaneiro, cando xa estaban pechadas as nóminas dese mes.

Deste xeito, todos os empregados públicos da Administración galega percibirán desde este mes a suba salarial do 2% e, ademais, nesta nómina de febreiro tamén recibirán a suba correspondente ao mes de xaneiro. Para iso, a Xunta publicará nos vindeiros días no Diario Oficial de Galicia (DOG) a orde de actualización das retribucións dos empregados públicos.

Esta suba salarial foi acordada en 2018 polo Goberno de Mariano Rajoy coas organizacións sindicais CSIF, UGT e CC.OO., para o período 2018-2020, e o Goberno galego incorporouna no Acordo de Concertación Social asinado en xaneiro de 2019 cos sindicatos UXT-Galicia e CC.OO. de Galicia. O incremento efectuarase a través do fondo retributivo xa dotado nos orzamentos da Xunta para 2020, que entraron en vigor o pasado 1 de xaneiro.

### **Subas adicionais**

Ademais deste incremento xeral do 2%, a Xunta de Galicia xa fixo efectivas na nómina de xaneiro outras melloras salariais de ámbito sectorial que son froito da negociación colectiva e que proceden de distintos acordos asinados coas organizacións sindicais durante o período de recuperación económica. Estes acordos xa se comezaron a aplicar en exercicios anteriores e tiñan prevista unha anualidade de incremento no ano 2020.

En concreto, a Xunta xa está a efectuar desde xaneiro as melloras salariais correspondentes á aplicación do réxime de carreira profesional do Servizo Galego de Saúde (Sergas) e da Administración xeral, e na sanidade pública, a nómina de xaneiro xa recolleu as retribucións adicionais do persoal dos puntos de atención continuada (PAC), tanto do persoal médico coma do persoal de enfermaría. Estes incrementos foron pactados en xullo de 2019 e inclúen unha suba en conceptos de nocturnidade, festividade e xornada complementaria.

### **Ensino público, xustiza e axentes forestais e medioambientais**

No ensino público, a nómina do mes de xaneiro xa incluíu o incremento do complemento específico ao persoal docente, e no ámbito da xustiza, tamén se aplica desde xaneiro a última fase do acordo sindical adoptado no mes de maio de 2018 e que beneficia os catro corpos (médicos forenses, xestión, tramitación e auxilio xudicial).

En canto aos axentes forestais e ambientais, o acordo subscrito con estes colectivos –que se vén aplicando desde o 1 de xaneiro de 2018- implica o incremento dun nivel dos postos e o incremento do seu complemento específico, e finalmente, neste 2020 xa se fixo efectiva a anualidade correspondente ao acordo asinado en 2017 para a equiparación das condicións retributivas do persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar co persoal laboral da Xunta de Galicia, a través da súa integración no V Convenio colectivo único.

## **GALICIA CUMPRIU EN 2019 OS OBXECTIVOS DE DÉFICIT E DÉBEDA FIXADOS NO ORZAMENTO E PAGOU AOS PROVEDORES NA METADE DE TEMPO QUE A MEDIA AUTONÓMICA**

- *As primeiras estimacións indican que Galicia pechou o exercicio 2019 cun déficit do 0,09%, por debaixo do límite do 0,1% fixado para todas as comunidades*
- *Nesta estimación están incluídos os 200 millóns da mensualidade do IVE de 2017, que formaban parte do Orzamento aprobado polo Parlamento galego e que a Xunta computará como ingreso en canto o Goberno os transfira a Galicia*
- *Galicia rebaixou o seu endebedamento por terceiro ano consecutivo e deixouno no 17,5%, por debaixo do límite do 17,9% e entre os máis baixos de España*
- *En canto ao tempo de pagamento a provedores, Galicia mantívose o pasado ano entre as mellores comunidades autónomas de España nos tempos de pagamento*
- *Galicia continúa entre as comunidades líderes en esforzo investidor*

Galicia cumpriu en 2019 os límite de déficit e de débeda fixados no orzamento da Comunidade Autónoma, ao tempo que pagou aos seus provedores na metade de tempo que a media autonómica, segundo reflicte un informe da Consellería de Facenda analizado hoxe polo Consello da Xunta, no cal se inclúe o primeiro avance de cumprimento dos principais obxectivos de estabilidade en 2019.

En primeiro lugar, no informe consta que a Comunidade Autónoma de Galicia cumpriu en 2019 o obxectivo de déficit público, que era do 0,1% para todas as comunidades. En concreto, as primeiras estimacións indican que Galicia pechou o exercicio cun déficit do 0,09%, polo que un ano máis cumpriu o límite fixado polo Consello de Política Fiscal.

Nesta estimación está incluído o ingreso dos preto de 200 millóns de euros correspondentes á última mensualidade do IVE de 2017, unha partida que formaba parte dos orzamentos da Comunidade Autónoma para 2019 aprobados polo Parlamento galego. A Xunta computará como ingreso estes recursos en canto o Goberno central os transfira a Galicia.

### **Volve baixar o endebedamento**

En canto ao límite de débeda, Galicia logrou en 2019 reducir o seu endebedamento por terceiro ano consecutivo. A primeira estimación da Xunta é pechar o exercicio cunha ratio de débeda/PIB na contorna do 17,5%, seis décimas menos que o ano anterior (18,1%) e por debaixo do límite máximo do 17,9% autorizado a Galicia polo Consello de Política Fiscal e Financeira, dado que os límites de débeda teñen carácter individual.

Ademais, coas primeiras estimacións, 2019 será o primeiro ano no que non só baixe a ratio débeda/PIB, senón tamén o endebedamento absoluto. Deste xeito, Galicia consolídase como a Comunidade Autónoma que menos incrementou o seu volume de débeda pública nos últimos dez anos, e grazas á mellor evolución deste indicador respecto da media autonómica, Galicia evitou a emisión duns 4.000 millóns de euros de débeda pública.

### **Líderes en pagamento a provedores**

O informe da Consellería de Facenda reflicte que Galicia se mantivo en 2019 entre as comunidades autónomas líderes no pagamento a provedores. En concreto, o tempo medio de pagamento de Galicia no ano 2019 situouse na contorna dos 19 días, o que supón a metade que a media das comunidades autónomas, que superou os 37 días, e por debaixo do límite de 30 días que establece a lexislación estatal.

Non obstante, o informe reflicte que tanto Galicia como o resto de comunidades autónoma empeoraron o seu período medio de pagamento respecto ao ano 2018, a consecuencia dos atrasos nos pagos do financiamento autonómico que se rexistraron ao longo de 2019 por parte do Goberno central.

Finalmente, Galicia rematará o ano 2019 encabezando de novo o esforzo investidor, xa que, cos últimos datos dispoñibles, Galicia se mantén entre as comunidades autónomas con maior esforzo investidor, dedicando o dobre de porcentaxe que a media a investimentos. Así, en Galicia o peso do gasto de capital sobre o total do gasto non financeiro foi do 11,4%, fronte ao 5,8% de media autonómica.

**A XUNTA ADXUDICOU NOS ÚLTIMOS CINCO ANOS MÁIS DE 2 MILLÓNS DE METROS CADRADOS DE SOLO EMPRESARIAL BONIFICADO QUE PERMITIU UN AFORRO DE MÁIS DE 65 MILLÓNS DE EUROS AOS SEUS COMPRADORES**

- *Dende o ano 2015, cando se comezou a aplicar as bonificacións que van dende un 30 a un 50%, adxudicáronse 2.105.612 metros cadrados en compra venda, aos que hai que engadir 150.000 adquiridos en dereito de superficie*
- *Segundo as estimacións do Instituto Galego de Vivenda e Solo o investimento que mobilizan as empresas que adquiriron solo empresarial sitúase nos 580 millóns de euros e o número de postos de traballo directos creado superaríase os 9.000*
- *A vindeira semana, Xestur abrirá o concurso anual de venda de solo empresarial, dispoñendo case 770.000 metros cadrados en 17 parques, que se suman aos case 340.000 metros de solo que o IGVS ten dispoñible á venda actualmente*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá, coñeceu o contido do Informe sobre a venda de solo empresarial en Galicia no período 2015-2019. Nos últimos cinco anos, a Xunta de Galicia adxudicou máis de 2 millóns de metros cadrados de solo empresarial a prezo bonificado en réxime de compravenda, o que permitiu un aforro de máis de 65 millóns de euros aos adquirentes desta superficie empresarial.

Desde que en 2015, a Xunta de Galicia comezou a aplicar as bonificacións e, en 2016, a adxudicación en dereito de superficie, adxudicouse un total de 2.258.917 metros cadrados de solo empresarial nos parques dependentes da Xunta de Galicia, dos cales 2.105.612 metros cadrados foron adxudicados en compravenda e 153.305 metros cadrados en dereito de superficie.

De feito, o 2019 foi o ano no que máis solo se vendeu (629.72283 m<sup>2</sup>), superando os 600.000 adxudicados en 2017 -a maior cifra desde a posta en marcha dos incentivos por venda de solo- e incrementando nun 65% a cifra de solo vendido no exercicio anterior (380.728,22 en 2018).

Así, o solo adxudicado en compravenda supuxo o desembolso -por parte dos adquirentes- de máis de 111 millóns de euros, despois de aplicar as bonificacións no prezo por importe de máis de 65 millóns de euros.

Por outra parte, o solo adxudicado en dereito de superficie acada un valor de máis de 17 millóns de euros, de maneira que a aposta da Xunta de Galicia por incentivar a actividade das empresas galegas acada os 82 millóns de euros -sumando o importe das bonificacións (65 M€) e o valor de venda do solo adxudicado en dereito de superficie, polo que as empresas unicamente aboan un reducido canon mensual.

En definitiva, o valor total do solo posto á disposición das empresas supera os 193 millóns de euros ao sumar o importe aboado e pagado polas empresas que mercaron as súas parcelas (111 M€), a bonificación aplicada á adquisición da dita superficie en réxime de compravenda (65 M€) e o valor do solo adxudicado en dereito de superficie (17 M€).

Cómpre lembrar que, ademais dos 2.258.917 metros cadrados adxudicados en parques propiedade da Xunta, tamén se adxudicaron preto de 69.000 metros cadrados na Plataforma loxística empresarial de Salvaterra-As Neves (PLISAN), que a Xunta promove xunto co porto e a zona franca de Vigo.

En termos de mercado, o investimento estimado que realizan as empresas adxudicatarias de solo bonificado, ou en dereito de superficie, é de máis de 580 millóns de euros, incluído o prezo pagado polo solo, e estímase que crean máis de 9.400 postos de traballo directos.

### **Nova convocatoria**

Na reunión tamén se avanzou que a vindeira semana a Xunta Galicia porá á disposición das empresas interesadas máis de 1,2 millóns de metros cadrados de parcelas urbanizadas en 17 parques empresariais propiedade do IGVS e Xestur nas catro provincias galegas. Este solo empresarial estará dispoñible para a súa adxudicación tanto en réxime de compravenda, con prezos bonificados nun 30 ou 50%, como en dereito de superficie.

Cómpre lembrar que a normativa obriga a empresa pública Xestur a realizar un concurso de venda do solo da súa propiedade cada ano. Nese sentido, a vindeira semana publicarase o concurso público para a adxudicación do solo empresarial da súa propiedade, mentres que o solo correspondente ao Instituto Galego da Vivenda e Solo se pode adquirir en calquera momento, xa que neste caso o concurso de venda é permanente.

Segundo as estimacións do Instituto Galego de Vivenda e Solo, a venda da totalidade deste solo suporá mobilizar un investimento de case 80 millóns de euros, sobre os que se aplicarán bonificacións por un importe de case 30 millóns de euros.

## **GALICIA REFORZA AS AXUDAS DE ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO PARA AS EMPRESAS QUE EXPORTAN AO REINO UNIDO COA POSTA EN MARCHA DO CHEQUE BREXIT**

- ***Cunha dotación inicial dun millón de euros, esta medida achegará plans de continxencia ao tecido empresarial galego, con especial atención ás pemes***
- ***A Xunta activa un paquete de accións que tamén inclúe un servizo de consultoría que contará cunha oficina en Londres***
- ***Todas estas iniciativas da Consellería de Economía, Emprego e Industria complementan a Plataforma Brexit Galicia, xa en funcionamento, e que ten permitiu a máis de 100 compañías realizar un autodiagnóstico***
- ***Máis de 500 empresas galegas venderon os seus produtos ao mercado británico entre xaneiro e novembro do ano pasado, por un valor total de 1400M€***

A Consellería de Economía, Emprego e Industria vén de reforzar as liñas de axudas dirixidas ás empresas que manteñen relacións comerciais co Reino Unido, co obxectivo de reforzar a súa posición tras a saída deste país da Unión Europea. Entre as iniciativas deseñadas, destaca a posta en marcha do programa Cheque Brexit, que achegará diagnósticos e plans de continxencias ás compañías galegas –con especial atención ás pemes– que soliciten orientación.

Coordinado polo Igape, o paquete integral inclúe apoios que ofrecerán asesoramento ás empresas en dúas liñas complementarias. En primeiro lugar, o programa Cheque Brexit, a través dunha dotación dun millón de euros, que poderá ampliarse se as necesidades o requirisen, achegará tanto diagnósticos como plans de continxencia ás compañías. Mediante a análise do negocio no país británico en aspectos como a cadea de subministración e comercialización, os marcos regulatorios financeiro e fiscal, ou o nivel de implantación nese mercado, o diagnóstico identificará os aspectos máis relevantes sobre os que a empresa debe actuar para adaptarse á nova situación.

Ademais, os plans de continxencia subvencionables a través deste novo programa achegarán a cada compañía unha folla de ruta con propostas das diferentes accións para abordar en cada ámbito analizado. O Cheque Brexit, que se activará neste mes de febreiro, ten previsto achegar os seus servizos a máis de 100 empresas, con axudas de ata o 80% sobre o gasto de consultoría que realice cada compañía.

Poderán ser beneficiarias do Cheque Brexit aquelas compañías en que o país británico sexa un dos seus cinco principais mercados intracomunitarios de exportación, que exportasen ao Reino Unido máis de 100.000 euros nos tres últimos anos, e nas que supoña un mínimo do 10% da súa exportación intracomunitaria.

O paquete de medidas inclúe unha segunda fórmula de apoio, que se materializará nun servizo integral de consultoría e que disporá dunha oficina en Londres, na cal as compañías poderán realizar consultas nas diferentes materias que se poidan ver alteradas a partir do

Brexit, como pode ser o ámbito fiscal, laboral, aduaneiro, ou normativo, entre outros. Este servizo, que estará activo na segunda quincena de marzo, estará dispoñible para todas as empresas galegas con intereses comerciais no Reino Unido.

Os novos programas que proximamente activará o Goberno galego complementarán as accións xa en funcionamento, como a plataforma de avaliación do impacto do Brexit. Desde marzo de 2019, para facilitar a valoración do grao de exposición ante o novo escenario comercial e anticiparse ás posibles repercusións da saída do Reino Unido da Unión Europea, o tecido empresarial galego conta coa [Plataforma Brexit Galicia](#), posta en marcha pola Consellería de Economía, Emprego e Industria. Esta ferramenta de avaliación individualizada xa foi utilizada por 123 compañías, das que 104 xa dispoñen do seu autodiagnóstico. Este dato sitúa Galicia como a comunidade autónoma co maior número de empresas que fixeron o dito autodiagnóstico.

Esta ferramenta en liña permite ás empresas coñecer de forma personalizada o impacto real que pode chegar a ter o Brexit no seu día a día para poder anticiparse e adoptar medidas necesarias para convertelo nunha oportunidade.

Segundo os últimos datos dispoñibles, entre xaneiro e novembro do ano pasado, 503 empresas galegas venderon os seus produtos no mercado británico, por un valor total de 1400M€, mentres que o número de empresas exportadoras regulares –é dicir, aquelas que venderon os seus produtos a este país durante catro anos consecutivos– acadou as 308. En canto aos ámbitos con maior nivel de exportacións, destacan o sector dos produtos industriais e tecnoloxía, de bens de consumo, a automoción, a moda, os materiais de construción e o agroalimentario.

Estas iniciativas enmárcase no labor do Grupo de traballo interdepartamental que ten en marcha a Xunta para avaliar a incidencia do Brexit en Galicia e para apoiar a cidadanía e as empresas que poidan verse afectadas por este.



## **O SERGAS CELEBRA EN FEBREIRO E MARZO OS EXAMES PARA CUBRIR 1.492 PRAZAS DE PERSOAL ESTATUTARIO, 254 DELAS PARA MÉDICOS DE FAMILIA**

- ***O desenvolvemento deste proceso supón un novo pulo para a atención primaria, xa que permitirá a incorporación de persoal fixo en categorías específicas deste ámbito***
- ***A diferenza doutras comunidades autónomas, o Sergas vén aprobando OPE anuais, de xeito ininterrompido, dende o ano 2012***
- ***O Servizo Galego de Saúde leva ofertadas 5.936 prazas públicas de emprego entre 2012 e 2019***
- ***Estas ofertas son o resultado do compromiso de Sanidade para acadar maiores taxas de estabilidade laboral, o que foi posible ao esgotarse todos os anos a taxa máxima de reposición de efectivos na sanidade pública***

A Consellería de Sanidade informou hoxe ao Consello da Xunta da execución da oferta de emprego público do ano 2019 de diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. Durante os meses de febreiro e marzo vanse celebrar os exames da fase de oposición para a cobertura de 1.492 prazas. O desenvolvemento do proceso supón un novo pulo para a atención primaria, xa que permitirá a incorporación de persoal fixo en categorías específicas deste ámbito, como médico de familia, odontólogo, pediatra, persoal de servizos xerais, ou enfermería especialista en enfermería familiar e comunitaria.

Galicia, a diferenza doutras comunidades autónomas, ven aprobando OPE anuais, de xeito ininterrompido, dende o ano 2012. Isto fixo posible que entre o ano 2012 e 2019, o Sergas oferta 5.936 prazas.

Estas ofertas son o resultado do compromiso de Sanidade para acadar maiores taxas de estabilidade laboral, o que foi posible ao esgotarse todos os anos a taxa máxima de reposición de efectivos na sanidade pública.

### **Cronograma dos exames**

As primeiras probas serán para os aspirantes para a cobertura de 126 prazas da categoría de persoal de servizos xerais, 30 prazas para enfermería especialista en enfermería familiar e comunitaria, e 18 prazas para enfermería especialista en pediatría. Estes exames terán lugar este sábado día 8 de febreiro. Cómpre salientar que Galicia é a primeira comunidade autónoma que realiza unhas oposicións para estas dúas categorías de enfermería especialista.

O domingo día 9 de febreiro será a quenda dos aspirantes para a cobertura de 30 prazas de enfermería especialista en saúde mental, de 2 prazas de enfermería especialista en traballo, e 71 prazas de fisioterapeuta.

A finais de mes, o día 29 de febreiro de 2020 examinaranse os aspirantes para a cobertura de 735 prazas de técnicos en coidados auxiliares de enfermería. Nesa mesma xornada

vanse realizar as probas para a cobertura de 37 prazas de técnicos en auxiliares de enfermería da quenda de discapacidade intelectual.

Finalmente, o día 1 de marzo de 2020 examinaranse os aspirantes para a cobertura de 89 prazas de enfermería especialista obstétrico-xinecolóxica, 254 prazas de médico de familia de atención primaria, 7 prazas de odontólogo de atención primaria, e 93 prazas de pediatra de atención primaria.

Haberá catro quendas: a libre con 628 prazas, a de promoción interna con 784 prazas, a de discapacidade xeral con 79 prazas e a de discapacidade intelectual con 37 prazas. Consolídase así o establecemento de quendas de discapacidade intelectual para o acceso á función pública, coa realización das probas para a categoría de técnico de coidados auxiliares de enfermería, que se suma ás de celador xa realizadas e ás de persoal de servizos xerais que terán lugar proximamente.

Unha vez realizadas as probas selectivas, iniciarase a fase de valoración do concurso de méritos polos diferentes tribunais. Así mesmo, ao longo deste ano convocarase o resto das categorías da oferta 2019.

## **UN TOTAL DE 605.040 PERSOAS VACINÁRONSE DA GRIPE ESTE ANO, O QUE SUPÓN 37.632 MÁIS QUE NA CAMPAÑA ANTERIOR**

- **No caso das mulleres embarazadas, que constituían un dos grupos prioritarios nesta campaña, acadouse unha cobertura do 64,83% superando en máis de 12 puntos por riba dos resultados do ano anterior**
- **A vacinación nas persoas de 65 anos ou máis chegou ao 60,39%, o que implica un 4% máis de doses que na tempada pasada**
- **Destaca o importante incremento de traballadores sanitarios que se vacinaron nesta campaña antigripal, cunha cobertura do 52,85%, case 7 puntos por riba da do ano anterior e superando o obxectivo establecido do 50%**

A Consellería de Sanidade acaba de presentar o informe provisional da campaña de vacinación antigripal 2019/2020 que se desenvolveu entre o 14 de outubro e o 28 de decembro pasado, cunha duración de 11 semanas. Segundo os datos deste informe que o conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, presentou hoxe ao Consello da Xunta, o número total de doses de vacinas administradas á poboación galega ascendeu a 605.040, o que supón 37.632 doses máis que na campaña anterior, é dicir, un incremento do 7%. Así mesmo, aumentouse a cobertura en todos os grupos de risco, polo que segue a consolidarse a tendencia crecente dos últimos anos.

Entre as novidades desta campaña destaca a utilización de tres tipos de vacinas diferentes: adxuvada para persoas de 65 e máis anos, a tretravalente cultivada en liñas celulares para embarazadas e outras persoas de risco entre 15 e 64 anos e a vacina tetravalente de ovo para poboación infantil de entre 6 meses e 14 anos. Tamén se incluíu por primeira vez a vacinación a prematuros e persoas con trastornos da coagulación e o envío de sms ao móbil para a poboación entre 65 e 74 anos non vacinada e sen cita a partir da cuarta semana da campaña.

### **Datos de cobertura por grupos**

Segundo os datos deste informe provisional da campaña de vacinación antigripal 2019/2020, o número de doses de vacinas da gripe administradas nas persoas de 65 anos ou máis ascendeu a 410.539, 16.097 doses máis que na campaña anterior. Isto supón unha cobertura do 60,39%, 1,77 punto máis respecto á do ano pasado.

Analizando a vacinación por subgrupos de idade, os resultados amosan en todos eles un aumento da cobertura. Neste senso, cómpre subliñar que nas persoas de 75 ou máis anos non só se acadou o obxectivo establecido do 65%, ao rexistrar unha taxa do 67,29%, senón que se superou en máis dun punto a acadada na campaña anterior. No subgrupo de persoas de 70-74 anos rexístrase un incremento con respecto á do ano anterior dun punto e medio, acadando unha cobertura do 58,71%, mentres que nas persoas de 65 a 69 anos rexístrouse o maior ascenso con máis de dous puntos e medio respecto do ano anterior.

A cobertura estimada nas mulleres embarazadas, grupo tamén prioritario da campaña, foi do 64,83 %, con 7.630 doses administradas, vacinándose 1.122 mulleres máis que na

campaña anterior. Estas cifras indican que se superou cunha ampla marxe, case dez puntos, o obxectivo proposto do 55%. En comparación coa campaña anterior apreciamos unha mellora de 12,62 puntos, o que supón, en termos absolutos, un total de 1.122 mulleres embarazadas máis que se beneficiaron da vacina respecto ao ano pasado.

A porcentaxe de traballadores sanitarios vacinados nesta campaña chega ao 52,85 %, o que supera en case 3 puntos o 50 % establecido como obxectivo e en case 7 puntos a cobertura de 2018, cun 46,49%). Cómpre lembrar que xa na tempada 2017 se conseguirá unha cobertura do 38,85 % e no 2016 un 33,45 %, 10 puntos máis que o ano 2015. Deste xeito, nesta tempada incrementamos máis de 30 puntos porcentuais o número de profesionais vacinados respecto ao 2015 (23,67 %).

En total vacináronse 17.681 profesionais nesta campaña, o que supón un aumento na vacinación de 2.784 profesionais máis que o ano pasado. Os datos mostran a consolidación dunha tendencia crecente de vacinación no persoal médico e de enfermaría. Esta evolución reforza un ano máis o aumento da implicación deste colectivo coa vacinación e a utilidade do labor de concienciación realizado.

### **Plans de continxencia e uso responsable**

O Servizo Galego de Saúde ten activados os plans de continxencia para atender o incremento da demanda asistencial ou aumento da necesidade de ingreso hospitalario con motivo da actividade gripal. O obxectivo é establecer a coordinación entre servizos e recursos de atención primaria e hospitalaria, así como con Urxencias Sanitarias de Galicia-061, para optimizar a atención á gripe e ás súas posibles complicacións.

Así, cómpre destacar a importancia que dan os plans á necesidade de priorizar o control e seguimento dos pacientes albo, é dicir os de maior complexidade e maior risco, como os pluripatolóxicos e os pacientes fráxiles, tanto en atención primaria como nos servizos hospitalarios de pneumoloxía e medicina interna.

Os plans recollen, ademais, medidas para evitar as consecuencias máis graves da gripe, para a atención dos picos de demanda nos distintos centros asistenciais e para os protocolos que se deben seguir tanto en atención primaria como en hospitalaria. Tamén recollen a información necesaria para os profesionais dos puntos de atención continuada (PAC) e do 061 para mellorar as derivacións a urxencias hospitalarias. Así mesmo, os Plans de continxencia inciden na mellora da dispoñibilidade de dispositivos ambulatorios, o tratamento das persoas que así o necesiten a través do hospital de día e con consultas de diagnóstico rápido en medicina interna.

Está previsto que os recursos humanos e asistenciais dos distintos servizos se adapten ás necesidades, para axilizar a atención cando o aumento de pacientes así o requira, e en función das previsións.

## **O SERGAS DOTA OS CENTROS DE SAÚDE DE EQUIPAMENTO SANITARIO E ELECTROMÉDICO E MOBILIARIO CLÍNICO POR VALOR DE MÁIS DE 8,5 MILLÓNS DE EUROS**

- **Con este investimento cumpriuse un dos compromisos a curto prazo adquiridos no marco do Plan galego de atención primaria**
- **Esta mellora nas dotacións permite ofrecer unha mellor cobertura sanitaria á poboación coa tecnoloxía máis avanzada dispoñible, con novas prestacións e novas posibilidades terapéuticas e de diagnóstico**
- **Adquiríronse 475 electrocardiógrafos, 261 desfibriladores, 27 ecógrafos, 26 retinógrafos e 279 holter de presión arterial, ademais doutro material como espirómetros, pulsioxímetros e autoclaves**
- **Destináronse máis de 2,5 millóns á renovación de mobiliario xeral e clínico**

O Servizo Galego de Saúde licitou en 2019 un total de 8.591.000 euros para mellorar a dotación nos centros de saúde de equipamento sanitario para Atención Primaria. Esta actuación ten como obxectivo renovar e dotar os centros de saúde de equipamento sanitario e electromédico, así como de renovación de mobiliario dos centros de saúde, para ofrecer unha mellor cobertura sanitaria á poboación. Con estes novos equipamentos, ponse á disposición dos profesionais a tecnoloxía máis avanzada dispoñible, con novas prestacións e novas posibilidades terapéuticas e de diagnóstico, así mesmo, proporcionando unha maior seguridade no seu manexo.

Segundo informou esta mañá o titular da Sanidade pública o Consello da Xunta, adquiríronse un total de 475 electrocardiógrafos cun valor de licitación de 1.954.150 euros, que permitirán a realización de diagnósticos máis precisos. Ademais, o novo equipamento xera datos en formato dixital, posibilitando o acceso directo ás probas do especialista en cardioloxía e que repercutirá nun menor índice de derivación de pacientes á atención hospitalaria.

O Sergas tamén adquiriu 261 desfibriladores licitados en 1.421.145 euros e 27 ecógrafos por un importe de 653.400 euros. A este material hai que engadir 279 holter de presión arterial (que foron licitados nun total de 641.421 euros) e 26 retinógrafos, por 503.360 euros.

Tamén se mercaron durante 2019 con destino a todos os centros de saúde un total de 234 espirómetros, licitados en 424.710 euros e outro tipo de equipamento electromédico como pulsioxímetros e autoclaves (para a esterilización de material cirúrxico), cun importe de licitación de 194.386,50 euros e 231.855,12 euros respectivamente.

Todo este plan de dotación de equipamento electromédico para o diagnóstico e seguimento de patoloxías propias da Atención Primaria realizouse de forma centralizada a través de dous expedientes de compra licitados por valor de 6.024.427 euros.

### **Máis de 2,6 millóns para mobiliario**

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Un total de 2.609.345,83 euros deste plan de dotación foron destinados á renovación do mobiliario. O obxectivo foi a reposición de todo tipo de mobiliario xeral e clínico en función das necesidades de cada área sanitaria. Repoñerase o mobiliario que sexa preciso atendendo ás recomendación de saúde laboral (postos de traballo ergonómicos, etc.), incluíndo substitución de mesas de traballo, de reunións, andeis vitrinas e cadeiras.

Con respecto do mobiliario clínico, abordouse a substitución por deterioro ou mellora de padiolas, dispensadores, frigoríficos ou vitrinas de material médico entre outros.

En detalle, destinouse un total un total de 985.122,83 euros a mobiliario clínico e 1.624.223 euros a mobiliario xeral.

En total e para o período global de duración do Plan galego de atención primaria 2019-2021, o departamento sanitario destinará 10.791.000 euros a este obxectivo. A medida é un dos compromisos adquiridos nunha das liñas estratéxicas do Plan de atención primaria, a denominada Plan de necesidades e priorización destas.